



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego

Materia	Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego			
Código	V01G230V01512			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Dasilva Fernández, Xosé Manuel			
Profesorado	Dasilva Fernández, Xosé Manuel			
Correo-e	jdasilva@uvigo.es			
Web				
Descrición	Desenvolvemento da práctica da tradución na correspondente combinación lingüística xeral			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
A6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
A7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
A22	Destrezas de tradución
A24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
A27	Capacidade de razoamento crítico
A33	Dominio oral e escrito da lingua propia
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
B5	Coñecementos de informática aplicada
B7	Toma de decisións
B9	Razoamento crítico
B12	Traballo en equipo
B14	Motivación pola calidade
B15	Aprendizaxe autónoma
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B23	Capacidade de traballo individual
B24	Deseño e administración de proxectos

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Analizar os textos da lingua de partida tendo en conta as súas especificades lingüísticas e culturais e a súa tipoloxía textual.	A1	B2
	A2	B9
	A4	B22

Recoñecer os trazos específicos dos xéneros textuais e procurar correspondencias e equivalencias na lingua de chegada.	A5 A22 A27 A33	B7 B14
Aproximarse ás particularidades da actividade profesional no eido da tradución.	A1 A7 A8 A19 A24	B3 B12 B15 B23
Adquirir hábitos de uso no relativos ás ferramentas de tradución e ás fontes documentais.	A6 A8	B5 B15 B24

### Contidos

Tema	
Trazos singulares da combinación lingüística.	Análise. Repercusións tradutolóxicas.
Problemas habituais na tradución de linguas próximas.	Clasificación. Individualización.
A variedade cultural do espazo lusófono e o labor tradutor.	Portugal. Brasil. Países africanos.
Prácticas de tradución.	Textos portugueses. Textos brasileiros.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	16	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	22	42	64
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	22	44	66

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades de carácter preliminar para tomar contacto coas características da materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución en grupo ou individualmente de exercicios, con orientación docente presencial.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Resolución individualmente de exercicios, con orientación tutelada do docente.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades introdutorias: Analizaranse as características do alumnado a nivel individual e como grupo. Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma: Os exercicios propostos levaranse a cabo de xeito flexible a partir da comunicación fluída entre o docente e o alumnado, tendo en conta de forma especial o número reducido de persoas nesta materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividades introdutorias: Analizaranse as características do alumnado a nivel individual e como grupo. Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma: Os exercicios propostos levaranse a cabo de xeito flexible a partir da comunicación fluída entre o docente e o alumnado, tendo en conta de forma especial o número reducido de persoas nesta materia.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de actividades sobre os contidos da materia que reproducen as características do labor profesional. Tales actividades, de carácter acumulativo, estarán distribuídas de xeito sucesivo ao longo do período docente. Efectuarase unha proba presencial final por parte de cada docente relativa a esas actividades.	60

---

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

---

Con relación á nota total da materia, e consonte a carga lectiva asignada, o profesor Dasilva Fernández responsabilizarase de cualificar sobre 7 puntos e a profesora Domínguez Araújo sobre 3 puntos.

Establécense dous sistemas de avaliación.

O primeiro sistema de avaliación, de natureza continua, esixe un mínimo de asistencia do 80% ás sesións presenciais de cada un dos dous docentes. Tal sistema de avaliación baséase na realización de dúas probas presenciais vinculadas ás actividades abordadas nas sesións e tres tarefas presenciais.

O profesor Dasilva Fernández encargárase de unha proba presencial e dúas tarefas presenciais (agás, neste último caso, que se concerte co alumnado outra opción). Por unha banda, a proba presencial representa 4 puntos da nota final. A devandita proba presencial, que se ha facer o día 1 de decembro de 2014, consiste en exercicios de pretradución e/ou tradución sobre textos vistos nas sesións de traballo, sen posibilidade de utilizar por tal motivo material auxiliar. Por outra banda, as dúas tarefas presenciais representan cada unha delas 1,5 puntos da nota final.

A profesora Domínguez Araújo encargárase de unha proba presencial e unha tarefa presencial (agás, neste último caso, que se concerte co alumnado outra opción). Por unha banda, a proba presencial representa 2 puntos da nota final. A devandita proba presencial, que se ha facer o día 5 de decembro de 2014, consiste en exercicios de pretradución e/ou tradución. Por outra banda, a tarefa presencial representa 1 punto da nota final.

O segundo sistema de avaliación, destinado ao alumnado que non asiste de xeito frecuente para a convocatoria da primeira edición de actas e tamén para a convocatoria da segunda edición de actas, é unha proba única de pretradución e/ou tradución por cada docente referida aos contidos do programa, con posibilidade de utilizar exclusivamente materiais lexicográficos en formato papel. A data da convocatoria da primeira edición de actas é o día 1 de decembro de 2014 no caso da proba do profesor Dasilva Fernández e o día 5 de decembro de 2014 no caso da proba da profesora Domínguez Araújo, mentres que a data da convocatoria da segunda edición de actas será fixada polo Decanato.

A copia ou plaxio nas tarefas e/ou na proba terá como consecuencia unha valoración final negativa.

O profesor Dasilva Fernández impartirá os seguintes temas contemplados coma contidos da materia: Trazos singulares da combinación lingüística; Problemas habituais na tradución de linguas próximas; A variedade cultural do espazo lusófono e o labor tradutor. A profesora Domínguez Araújo impartirá o seguinte tema contemplado coma contidos da materia: Prácticas de tradución.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

---

Barbosa, H. Gonçalves, **Procedimentos técnicos da tradución (Uma nova proposta)**, Campinas-São Paulo, Pontes Editores,

Instituto Antônio Houaiss, **Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa**, Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa,

Academia das Ciências de Lisboa, **Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea**, Lisboa, Editorial Verbo,

Real Academia Galega, **Dicionario da Real Academia Galega**, A Coruña, RAG,

João Paulo Tavares Esperança, **O que é a lusofonia: gente, culturas, terras**, Dili, Instituto Camões,

Fernando Cristóvão, **Dicionário temático da lusofonia**, Lisboa, Texto Editores,

---

---

### **Recomendacións**

---

#### **Materias que continúan o temario**

---

Tradución idioma 2, III: Portugués-Galego/V01G230V01615

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués/V01G230V01108

Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués/V01G230V01208

Idioma 2, III: Portugués/V01G230V01308

Idioma 2, IV: Portugués/V01G230V01408

Tradución idioma 2, I: Portugués-Galego/V01G230V01415

---

### **Outros comentarios**

---

A materia supón un grao de desenvolvemento superior con respecto á materia Tradución idioma 2, I: Portugués-Galego, polo cal se considera básico ter nesta unha nota positiva para poder superala.

---